



10. Expediente de aprobación da Conta Xeral exercicio de 2015



Incoación do expediente para a aprobación da Conta Xeral de 2015:

Logo de considerar:

- 1º. Que rematado o exercicio económico e contable de 2015 e de conformidade co disposto polo art. 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, esta Presidencia procedeu, previos os trámites oportunos, a prestar aprobación da Liquidación correspondente ao Orzamento do citado exercicio de 2015, estando pendente, nesta data, a toma de coñecemento polo Pleno do Consorcio tal e como require dito texto legal, extremo que, nembargante, farase efectivo na vindeira sesión que se celebre.
- 2º. Que consonte dispón o art. 212.1 dese mesmo texto, os estados e contas da entidade deben renderse pola Presidencia antes do día 15 de maio do exercicio correspondente polo que cumpre realizar os trámites precisos para se facer efectivo dita obriga no prazo legalmente requirido.
- 3º. Que, aos efectos do indicado nos apartados anteriores, achase elaborada a seguinte documentación que integra a Conta Xeral de 2015:
 1. Balance.
 2. Conta do Resultado económico – patrimonial.
 3. Estado de liquidación do Orzamento.
 4. Parcial da Memoria.
 5. Acta de arqueo a 31.12.2015.

En consecuencia, e sobre a base dos antecedentes e normativa que precede, así como da documentación que se cita, mediante o presente:

resolvo:

- 1º. Incoar o expediente para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2015.
- 2º. Solicítase da Secretaría - Intervención desta Entidade:
 - a) Nas súas funcións de Secretaría:

A emisión do oportuno informe comprensivo do procedemento a seguir para a aprobación da indicada Conta con indicación dos documentos que haberán de integrar dita Conta e demais elementos precisos en orde á rendición da mesma



b) Nas función de intervención e contabilidade:

A formación, ordenación da Conta, a unión dos documentos que á mesma proceda e, finalmente, o informe que da mesma se deduza.

Así o mando, subscribo e asino, para constancia, cumprimento e unión co expediente en Carballo, a nove de maio de dous mil dezaseis.

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso.

O Presidente





Astº.: Informe de Secretaría
Refª.: Conta Xeral do exercicio de 2015

En cumprimento do ordenado pola Iltna. Presidencia desta Entidade na incoación do expediente para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2010 e en relación co previsto polo art. 3.a) do texto aprobado polo R.D. 1174/1987, do 18 de setembro, esta Secretaría-Intervención, na súa función de asesoramento legal, emite el presente informe sobre el procedemento a seguir para la aprobación de la Conta indicada.

I. Lexislación aplicable:

Sen prexuízo doutra tamén de aplicación e demais que se cite neste informe, ten que considerarse en especial a seguinte:

1. Lei reguladora das Facendas Locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 30 de marzo (en diante, **LRFL**), artigos: 208 ó 212, e 223.
2. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, **LRBRL**), artigos: 22.1.e), 47.1, 116.
3. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, **LALG**), especialmente artigos: 66, 67, 212.3
4. Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento parcial da LRFL, (en diante, **RD 500**) artigos: En referencia á Liquidación do Orzamento e Remanente de Tesourería.
5. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante, **ROF**), artigos: 99.1 e 127.
6. Orde HAP/1781/2013, de 3 de outubro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local (Especialmente regras 44 e seguintes)
7. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (en diante, **LCC**), especialmente arts. 2, 25, 43 e cc..
8. Artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeneral Orzamentaria.

II. O artigo 200.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, establece que as Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos quedan sometidos ao réxime de contabilidade pública nos termos establecidos na devandita Lei.

O artigo 119.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria determina que o sometemento ao réxime de contabilidade pública implica a «obrigación de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao Tribunal de Contas».

O réxime de contabilidade pública ao que están sometidas as Entidades Locais ten como fin último a obrigación de render contas das súas operacións, e o mecanismo previsto polo Texto Refundido da Lei das Facendas Locais para cumprir esta obrigación é a Conta Xeral.

A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir a obrigación formal de render contas, senón que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario. Permite, así mesmo, controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos e é, en definitiva, un mecanismo de control.

III. Documentación:

A Conta Xeral está integrada pola seguinte documentación (Regra 45 Orde HAP 1782/2013) :

- a) O Balance.
- b) A Conta do Resultado económico-patrimonial.
- c) O Estado de cambios no patrimonio neto



- d) O Estado de fluxos de efectivo (só para os municipios acollidos ao modelo normal de contabilidade)
- c) O Estado de Liquidación do Orzamento.
- d) A Memoria.

As contas anuais da propia Entidade deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa referidas a fin de exercicio.
- Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- No caso de que o Pleno da Corporación así o establecera, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

Se adxunta ao presente informe o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de cambios no patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo, o Estado de Liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na Terceira parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde HAP/1781/2013, do 3 de outubro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local ou a Terceira parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde HAP 1782/2013.

IV. Procedemento de formación, aprobación e rendición da Conta Xeral:

Queda substanciado basicamente, nas fases seguintes:

1º. Inicio do expediente: Formación

Indica o art. 212.1 LRFL que os estados e contas da Entidade serán rendidas polos seus presidentes antes do día **15 de maio** do exercicio seguinte ó que corresponda, e de feito, os denominados contandantes (no caso do Consorcio, o presidente a tenor da regra 103.1.a ICAL), deben remitir as contas anuais ás que fai referencia a regra 98.3 á Intervención (ou órgano coa función de contabilidade) antes da indicada data do 15 de maio.

O artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a Conta Xeral será formada pola Intervención do Concello.

O artigo 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que as contas anuais informaranse antes do 1 de xuño pola Comisión Especial de Contas da entidade local ao obxecto de sometelas a información pública con carácter previo á aprobación polo Pleno.

De igual forma defínese na Regra 50 da Orde HAP/1781/2013, do 3 de outubro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, como cuentadantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obrigación de render contas e en todo caso, o Presidente da Entidade Local.

O artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ao Presidente da Entidade Local a competencia para render a Conta Xeral. (Art. 14º.19 dos Estatutos).



2º. Formación:

A Intervención da Entidade deberá formar a Conta Xeral cos documentos que indica o art. 210 LRFL, nembargante, ao respecto temos que atender ao disposto pola regra 50 ICAL, segundo o cal, a Conta xeral se formará pola Intervención ou órgano da entidade que teña atribuída a función de contabilidade (este último, non é o caso do Consorcio) que recabarán a presentación das contas doutros organismos se fora o caso (Organismos Autónomos, Empresas, etc., tampouco é o caso do Consorcio), dita Conta estará integrada pola documentación que cita a regra 45 ICAL (e, no seu caso, coa documentación complementaria que cita a regra 48 ICAL).

3º. Informe da Comisión Especial de Contas:

O procedemento de rendición da Conta Xeral, iniciase coa remisión polos contandantes (Presidencia do Consorcio) da documentación citada no apartado III á Intervención (ou quen teña atribuída a función de contabilidade) antes da citada data do 15 de maio, para que, a Conta rendida pola Presidencia e formada pola Intervención sexa sometida, con todos os seus documentos, á Comisión Especial de Contas (art. 212.2 LRFL en relación cos arts. 127 ROF, 212.3 LALG, e tamén regra 49 ICAL) antes do **1 de xuño** do ano seguinte ao que corresponda, a fin de que la indicada Comisión, unha vez vistos e examinados os documentos que a forman, emita o seu correspondente informe. En todo caso, debe terse tamén en consideración que o expediente citado (contas e documentación complementaria) debe estar á disposición dos membros da Comisión Especial de Contas, como mínimo, quince días antes da reunión (art. 212.4 LALG).

4º. Exposición pública:

Emtido o informe pola Comisión de Contas, procede, a continuación, a exposición pública da Conta Xeral máis do propio informe, mediante a inserción do anuncio correspondente no "Boletín Oficial" da provincia (sen prexuízo de deixalo tamén inserto no Taboleiro de Anuncios do Consorcio, para unha maior publicidade); o ~~exame do expediente~~ terá unha duración de quince días hábiles e, durante ese mesmo prazo e oito días hábiles máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións (regra 49 ICAL, art. 212 LRFL).

5º. Resolución reclamacións, reparos ou observacións:

De darse algún deses extremos, deberán ser informados (previo, á súa vez, o informe de Intervención de ser o caso) pola C. E. de Contas, que emitirá novo informe, de modo que acompañada do/s informes/s e, de, no seu caso, reclamacións e/ou reparos ou observacións formulados, se someta o expediente ó Pleno da Entidade. (Regra 49 ICAL)

6º. Aprobación:

O completo expediente tal e como se describiu (cos documentos tanto contables como do expediente administrativo tramitado para a súa aprobación, e incluíndo, no seu caso, as reclamacións, reparos, observacións e informe sobre os mesmos), deberá elevarse ó pleno da Entidade para que a Conta Xeral *"no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro"* (art. 212.4 LRFL, regra 49 ICAL).

Neste punto, temos que ter en conta que a **regra 49.4** establece expresamente que a aprobación da Conta Xeral é un **acto esencial** para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. Isto é, a norma deixa claro que é unha obriga a aprobación da conta para que logo, poida realizarse a fiscalización externa, pero clarifica que o acto desa aprobación non significa que se estea de acordo coas actuacións que reflicte e, polo tanto, non xera responsabilidade, xa que logo, dita responsabilidade corresponde aos contandantes en canto á que fai referencia da información contable (regra 50.2 ICAL) e, a cada un dos órganos en función da súa responsabilidade (Presidencia, Intervención, órgano que teña atribuída a función de contabilidade).



7º. Rendición para a fiscalización externa:

Unha vez aprobada a Conta Xeral polo Pleno, e aos efectos de fiscalización polos órganos de control externo, deberá renderse pola Presidencia ao órgano estatal ou autonómico correspondente (regra 104.2 ICAL) con remisión da propia Conta Xeral (documentos citados no apartado 2º deste informe, así como os de tramitación e aprobación), antes do día **15 de outubro** do ano seguinte ó exercicio económico que a aquela corresponda (art. 223.2 LRFL, aínda que o art. 25.2 da LCC indica que esta remisión deberase facer antes do 31 de xullo).

Aos efectos anteriores o Consorcio debe render a Conta (cos seus anexos e xustificantes) ao Consello de Contas de Galicia (art. 2.b) LCC) así como ao Tribunal de Contas do Estado. E, para esta fiscalización externa, segundo a regra 51 ICAL, os órganos de control externo poderán establecer procedementos de envío a través de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a autenticidade, integridade e conservación da información contable que se rende, así como a súa recepción polo destinatario e, ao respecto, lémbrese que en 27.06.2011, subscribiuse entre o Consello de Contas e o Tribunal de Contas o *convenio para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das entidades locais de Galicia* de forma que o Pleno do Consello, aprobou a Instrucción que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático e procedemento telemático para a súa rendición, aparecendo inserida no Diario Oficial de Galicia núm. 137 do 18 de xullo de 2011 a Resolución de 11.07.2011, que ordena a publicación dese acordo.


En consecuencia, para a dita rendición externa (tanto no que atinxe ao Consello de Contas como ao Tribunal de Contas), basta con renderse ao dito Consello unicamente, e respecto do **modo de rendición**, deberán utilizarse os procedementos, medios, formatos e ficheiros segundo se establece na indicada Resolución ou, na que, no seu caso, a modifique.

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación e interpretación do Antecedentes e ordenamento xurídico vixente, nembargante a Iltna. Presidencia resolverá e impulsará, para o seu exame, informe e aprobación, canto estime oportuno e estea axustado a dereito.

Carballo, 23 de maio de 2016.-

A secretaria,

Asdo.: Ma Graciela Riveiro Moreira.





Astº.: Informe de Intervención
Refª.: Conta Xeral do exercicio de 2015

En cumprimento do preceptuado polo art. 6.1.b) do Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro e concordantes, tendo en conta o ordenado pola Iltna. Presidencia do Consorcio mediante a providencia de incoación do expediente para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2015, e dando por reproducida a **lexislación aplicable** que figura no apartado **I** do informe de Secretaría emitido ao efecto, o presente informe comprende a análise da Conta Xeral **unha vez formada** e na que, en concordancia co dito informe (apartado **III**) figuran os documentos que se indicarán, logo de abordar as seguintes **consideracións previas**:

1ª. A Conta Xeral correspondente ao exercicio contable de 2015, está elaborada e formada consonte ao esixido pola Instrucción de Contabilidade aprobada pola Orde HAP/1871/2013, de 20 de setembro, polo que contén os documentos requiridos na regra 45 da mesma, axustados aos modelos que figuran na Terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local que se inclúe como anexo a dita Instrucción.

2ª. Segundo establece a indicada Terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local (ICAL), as contas anuais forman unha unidade e deben redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do Orzamento da entidade consonte ese Plan de Contas, e neste punto, temos que ter en conta, coma xa se ten posto de manifesto en informes da titular da praza da Secretaría Intervención, que o Consorcio carece de Inventario e normas internas sobre amortización e conexas a ese inmovilizado non financeiro, polo que os bens desta natureza (inventariables) que non foron adquiridos directamente polo Consorcio (inmóbles ou mobles), non aparecen reflectidos nas contas. Nembargante, si están debidamente reflectidos, identificados e valorados (indicando a orixe do adquirente) consonte ás normas de dito Plan no apartado 2 da Memoria, polo que aínda que non estean incluídos na súa totalidade no inmovilizado que das Contas se deriva, isto afecta fundamentalmente (como se ve na Memoria) aos edificios (inmóble e terreo sobre que se asenta) de oito parques, dos dez totais (parte do de Cee e o de Santa Comba se contratan polo Consorcio), e a seis vehículos (tamén valorados e situados no indicado apartado 2 da Memoria), o resto do inmovilizado si foi contratado (adquirido ou con certificacións de obra) polo Consorcio e está incluído co seu valor de adquisición (subministro) ou custo (suma dos importes das certificacións de obra). Consecuentemente hai que aprobar ese inventario e normas de amortización dos bens realizando logo os seguintes asentados para a inclusión naquel dos bens e, unha vez aprobado, facer os asentados contables correspondentes para que a contabilidade poda mostrar, como quere dita Instrucción, a imaxe fiel do patrimonio e demais elementos indicados neste apartado.

Feitas as consideracións anteriores, cómpre a realización da análise indicada ao principio. A tal fin, constan elaboradas as seguintes Contas esixidas pola Regra 45 ICAL (**I**, apartados **1** ao **8**), ás que se engaden documentos complementarios (apartado **9**), e finalmente, sobre a base da Liquidación do Orzamento, realízase un análise da Capacidade financeira da entidade (**II**):

I. DOCUMENTOS DA CONTA XERAL DE 2010:

1. O Balance.
2. A Conta do Resultado económico – patrimonial
3. O Estado de cambios no patrimonio neto.
4. O Estado de fluxos de efectivo.
5. O Estado da Liquidación do Orzamento.
6. A Memoria.
7. Actas de arqueo das existencias en caixa en fin de exercicio.
8. Notas das entidades bancarias dos saldos a fin de exercicio e, no seu caso, o estado conciliatorio.
9. Outros documentos complementarios:
 - a) Estados de gastos e ingresos aprobados inicialmente.
 - b) Relación nominal de acredores e debedores.



II. CAPACIDADE FINANCEIRA DA ENTIDADE.

I. CONTA XERAL DE 2015:

En cumprimento do establecido no artigo 210 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Instrución do modelo normal de contabilidade local aprobada mediante a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, e no seu plan de contas anexo; determínanse o contido, a estrutura e as normas de elaboración das contas que renderán a entidade local e os seus organismos autónomos.

Segundo queda establecido na Terceira Parte “Contas Anuais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local, as contas anuais comprenden: o Balance, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de cambios no patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e da execución do Orzamento da entidade de conformidade co Plan de Contas, e no caso que nos ocupa, deben ser observadas coas advertencias indicadas na consideración 2ª.

Resulta novedosa a inclusión, entre as contas anuais a render, do Estado de cambios no patrimonio neto e do Estado de fluxos de efectivo.

Por outro lado, en aplicación do principio de transparencia consagrado no artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e co fin de dar cumprimento ao disposto no número 1 do citado artigo en relación coas contas xerais das administracións públicas, na Instrución do modelo normal de contabilidade local aprobada mediante a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, inclúense como documentación complementaria que se xuntará á conta xeral as contas anuais de todas as unidades dependentes da entidade local incluídas no ámbito de aplicación da citada lei orgánica cuxas contas non se integren na conta xeral. Sendo o Consorcio unha unidade institucional pública dependente da Deputación Provincial de A Coruña, compre a súa remisión a esta entidade a tal fin.

A aprobación da conta xeral polo pleno da corporación nada ten que ver coa responsabilidade na cal puidesen incorrer membros deste que adoptasen as resolucións ou realizasen os actos reflectidos na dita conta. Así mesmo, sepárase a responsabilidade en que puidesen incorrer, como contadantes en sentido material, os encargados da xestión que adopten as resolucións ou realicen os actos reflectidos nas contas que se renden, da responsabilidade que incumbe a quen debe render contas como contadante en sentido formal, que non é outra que responder da súa veracidade.

Esta Intervención ten formado a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2015, e a tenor dos documentos que a compoñen, debidamente indicados segundo se indica en cada un, podemos observar:

1. O Balance (páx.: 1 e 2):

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA
Secretaría Intervención



Debe comprender, coa debida separación, o activo, o pasivo é o patrimonio neto da entidade, reflíctense: a 31.12.2015 (A Disposición Transitoria Segunda exige para o exercicio 2015 a información comparativa coas cifras relativas ao exercicio anterior, recolléndose no apartado 29 da Memoria unha referencia aos datos relativos ao exercicio anterior, así como unha comparativa entre as contas recollidas no peche de 2014 e as da apertura do exercicio 2015).

Así en canto ao Balance, clasifícase en corrente e non corrente, tanto o activo como o pasivo, a diferenza da anterior Instrución en onde se clasificaba en curto e longo prazo. Ademais hai que destacar a presentación das amortizacións acumuladas e das correccións valorativas por deterioración, que minoran as correspondentes partidas do activo, que figurarán polo seu importe neto (reiterase a consideración segunda respecto das amortizacións), a nova estrutura do patrimonio neto, que figurará en epígrafes independentes o patrimonio, o patrimonio xerado, os axustes por cambios de valor e as subvencións recibidas pendentes de imputación a resultados.

Dentro do **Activo** obsérvanse, diferénciase:

➤ **Non corrente:**

- Figuran no inmovilizado intanxible os investimentos respecto das aplicacións informáticas (vid.. 206 –“Aplicaciones informáticas”), ascendendo a 17.202.15 € (moi pouco incremento respecto de 2014: 15.060,45 €).
- Con respecto do inmovilizado material, por un lado recóllense os investimentos en construcións (vid.. conta 211 –“Inmovilizaciones materiales. Construcciones”, ascendendo a 5.875.044,58 € (no exercicio 2014 figuraban 5.860.137,38 €). Por outro lado, figuran dentro de “Outro inmovilizado material” as contas 2140 –“Inmovilizaciones materiales. Maquinaria y utillaje”, 2141 –“Inmovilizaciones materiales. Instalaciones”, 216 –“Inmovilizaciones materiales. Mobiliario”, 2170 –“Inmovilizaciones materiales. Equipos para procesos de información” e 2180- “Inmovilizaciones materiales. Elementos de transporte”; ascendendo a un total de 11.329.357,85 € (11.318.570,06 € no exercicio 2014).

➤ **Corrente:**

- Dentro do “efectivo e outros activos líquidos equivalente” figura a Tesourería, reflicte a suma do dineralo depositado nas contas e máis na Caixa da Corporación da entidade, que coincide, loxicamente, co reflectido no Remanente de Tesourería, así como tamén e, entre outros, nos documentos 7 (Acta de arqueo a 31.12.2015) e 8 (notas das entidades bancarias e da caixa da Corporación) da Conta Xeral.

Respecto do **Pasivo** do Balance, pode aludirse a:

- Dentro do Patrimonio neto destaca a conta 129, que recolle os resultados positivos ou negativos (no caso que nos ocupa, positivos), do último exercicio por importe de 1.264.740,70 €.

Respecto do Pasivo corrente, dentro das contas de acredores e outras contas a pagar a curto prazo, sinalar as que teñen movemento:

- Acredores por operacións de xestión, que reflicte a contía de todos os acredores de carácter orzamentario, excepto os relativos ao capítulo 3, 6, 8 e 9, incluíndo tamén os de carácter non orzamentario que ao seu vencemento se convertan en acredores orzamentarios incluídos en esta partida; e que ascenden a un total de 75.982,11 €.
- Outras contas a pagar, no que se inclúen os acredores orzamentarios derivados do capítulo 8, ademais dos acredores non orzamentarios que, de acordo coas normas, non deban figurar noutras partidas do Balance. O seu importe ascende a 116.547,91 €. É significativo dentro de este apartado o saldo da conta 5590 “Outras partidas pendentes de aplicación” por importe de 96.288,25 €, que se atopa nesta situación dende hai xa uns cantos exercicios, debendo aplicarse se se coñece a súa orixe; ou, no seu caso, á depuración dos mesmos.
- Administracións públicas, inclúe os acredores non orzamentarios de este carácter, e cuxo importe ascende a 6.874,05 €

2. A Conta do Resultado económico – patrimonial (páx.: 3 a 6):

Esta conta recolle o resultado económico-patrimonial obtido no exercicio e está formada polos seus ingresos e gastos, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto de acordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración.



En relación coa conta do resultado económico-patrimonial hai que salientar como novidade a súa presentación en forma de lista, en lugar de en dúas columnas, que é como figuraba no PCN'04. A diferenza deste, na nova conta de resultados confórmanse varias marxes intermedias que, por agregación, formarán o resultado total do exercicio (aforro ou desaforro).

O resultado do exercicio 2015 xera un aforro de 1.253.606,80 €.

3. Estado de cambios no patrimonio neto (páx.: 7 a 12):

O estado de cambios no patrimonio neto é un dos novos estados que se incorpora nas contas anuais e está dividido en tres partes:

1. Estado total de cambios no patrimonio neto.- informase de todos os cambios habidos no patrimonio neto distinguindo entre: os axustes no patrimonio neto debidos a cambios de criterios contables e correccións de erros, os ingresos e gastos recoñecidos no exercicio, as operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias, en que estas actúen como tales; e outras variacións que se produzan no patrimonio neto.
O patrimonio neto total ao final do exercicio é de 22.117.814,67 €. (coas matizacións da consideración segunda).

2. Estado de ingresos e gastos recoñecidos.- recolleranse os cambios no patrimonio neto derivados: do resultado económico-patrimonial, dos ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto, distinguindo os ingresos dos gastos; e das transferencias á conta do resultado económico-patrimonial, ou ao valor inicial da partida cuberta, de ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto.
Aparecen unicamente cambios derivados do resultado económico patrimonial, que ascenden á 1.264.740,70 €.

3. Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.- presentaranse dous tipos de información:

3.a) As operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias. Esta información é un desenvolvemento da epígrafe do «Estado total de cambios no patrimonio neto».

3.b) Outras operacións coa entidade ou entidades propietarias, diferenciando os ingresos e gastos recoñecidos directamente na conta do resultado económico-patrimonial e os ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto.

Neste apartado figuran ás transferencias e subvención da Deputación Provincial ao Consorcio por importe total de 3.296.799,66 €.

Para os efectos de dar información na memoria sobre as partidas dos ditos estados, cando sexa significativa, consideraranse os importes brutos incluídos en cada partida, en lugar do seu importe neto, no caso de partidas nas cales se integren importes de distinto signo.

4. Estado de fluxos de efectivo (páx.: 13 á 14):

O outro dos novos estados das contas anuais é o estado de fluxos de efectivo que informa sobre a orixe e o destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes e indica a variación neta sufrida por estas no exercicio.



Neste estado de fluxos de efectivo distínguese entre actividades de xestión, de investimento e de financiamento. As actividades de xestión inclúen as transaccións que interveñen na determinación do resultado da xestión ordinaria da entidade e aquelas outras que non se clasifican como de investimento ou financiamento. As actividades de investimento inclúen os pagamentos e cobramentos que teñen a súa orixe na adquisición, alleamento ou amortización de elementos do inmovilizado non financeiro e de investimentos financeiros. As actividades de financiamento inclúen os cobramentos procedentes da adquisición por terceiros de títulos valores emitidos pola entidade, achegas da entidade ou entidades propietarias, débedas con entidades de crédito, así como os pagamentos á entidade ou entidades propietarias ou os reembolsos de pasivos financeiros.

A final do exercicio ponse de manifesto un incremento do efectivo e activos líquidos equivalentes de 641.819,98 € respecto do exercicio anterior.

5. O Estado da Liquidación do Orzamento (páx.: 15 á 77):

O estado de liquidación do orzamento comprende, coa debida separación, a liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos da entidade, así como o resultado orzamentario.

O estado de liquidación do orzamento non sofre modificacións importantes respecto ao PCN'04.

A liquidación do orzamento de gastos e a liquidación do orzamento de ingresos presentaranse cando menos co nivel de desagregación do orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores. A liquidación do orzamento de gastos presentarase, ademais, agrupando os créditos en función dos niveis de vinculación xurídica, é dicir, resumida por bolsas de vinculación xurídica dos créditos.

Segundo a Parte Terceira da ICAL, este Estado recolle unicamente a liquidación dos Orzamentos de Gastos e de Ingresos así como o Resultado Orzamentario, aínda que no expediente, á mesma se incorporan tamén outros documentos (a tenor dos arts. 191 LRFL e 93 RD 500/90), en calquera caso, do resultado obtido, remítome aos informes desta Intervención que figuran no expediente. A Liquidación, aprobouna a Presidencia do Consorcio en data do 29.02.2015, e copia do expediente remitiuse á Deputación Provincial da Coruña (en 09.03.2016, recibido en 11.03.2016) e á Comunidade Autónoma (09.03.2015, recibido o 14.03.2016). O 25.04.2016 remitiuse ao MINHAP, pola Deputación Provincial de A Coruña, de xeito consolidado coa liquidación de mesma. Atópase pendente de dar conta so Pleno do Consorcio, que se fará na vindeira sesión que se realice.

6. A Memoria (páx.: 78 á 185):

Segundo a Parte Terceira da ICAL, este documento debe completar, ampliar e comentar a información contida nas contas anteriores, isto é: no Balance, na Conta de resultado Económico-Patrimonial, no Estado de cambios no patrimonio neto, no Estado de fluxos de efectivo e no estado da Liquidación do Orzamento.

A memoria inclúe unha información máis ampla e detallada que a do PCN'04. Débese informar das normas de recoñecemento e valoración aplicadas e doutra información adicional que se considere relevante para a comprensión polos usuarios das contas anuais. Incorporouse información sobre o ambiente, sobre contratación administrativa e sobre as novas categorías de elementos patrimoniais incorporadas. Na información orzamentaria eliminouse o detalle individualizado de cada un dos gastos con financiamento afectado. Reforzáronse os indicadores relativos á situación económico-financieira da entidade e á xestión dos servizos



públicos, manténdose case na súa totalidade os indicadores orzamentarios. En concreto, o «período medio de pagamento» e o «período medio de cobramento», con nova fórmula para a súa elaboración, trasladáronse do grupo de indicadores orzamentarios ao grupo de indicadores financeiros e patrimoniais, debido a que a súa nova configuración inclúe tanto pagamentos e cobramentos por operacións orzamentarias como non orzamentarias. En relación co «período medio de pagamento», que pasa a chamarse «período medio de pagamento a acredores comerciais», denominación máis axustada á súa nova configuración, hai que destacar que será o mesmo período medio de pagamento que as entidades locais deben elaborar para efectos do control da morosidade nas operacións comerciais, pero referido a todo o exercicio e ás operacións comerciais no seu conxunto. Así mesmo, engadiuse unha epígrafe de información sobre o custo das actividades.

Esa Memoria, ten sido elaborada de acordo co establecido no Modelo da propia ICAL, estruturándose como a continuación se detalla:

1. Organización e Actividade.
 - 1.1 Poboación oficial e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen á identificación desta Entidade.
 - 1.2 Norma de creación da entidade.
 - 1.3 Actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico financeiro e de contratación
 - 1.4 Descrición das principais fontes de ingresos, en especial, as taxas e prezos públicos recibidos
 - 1.5 Consideración fiscal da entidade a efectos do imposto de sociedades e, no seu caso, operacións suxeitas a IVE e porcentaxe de prorrata.
 - 1.6 Estructura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo
 - 1.7 Número medio de empregados durante o exercicio, tanto funcionarios como persoal laboral, por categoría e sexo.
 - 1.8 Identificación das entidades propietarias e porcentaxe de participación de estas no patrimonio da entidade contable
 - 1.9 Principais fontes de financiamento e a súa importancia relativa.
2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de recoñecemento e valoración.
5. Inmobilizado material.
6. Patrimonio público do solo
7. Inversións inmobiliarias.
8. Inmobilizado intanxible.
9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
10. Activos financeiros.
11. Pasivos financeiros.
12. Coberturas contables.
13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
14. Moeda estranxeira.
15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
16. Provisións e continxencias.
17. Información sobre medio ambiente.
18. Activos en estado de venda.
19. Presentación por actividades da conta do resultado económico patrimonial.
20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.
21. Operacións non orzamentarias de tesourería.
22. Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.
23. Valores recibidos en depósito.
24. Información orzamentaria.
25. Indicadores financeiros, patrimoniais, e orzamentarios.
26. Información sobre o coste das actividades.



- 27. Indicadores de xestión.
- 28. Feitos posteriores ao peche.
- 29. Aspectos derivados da transición as novas normas.

A disposición transitoria terceira da nova ICAL exceptúa a obriga de incluír nas contas anuais dos exercicios 2015 e 2016 a información sobre o custo das actividades e os indicadores de xestión, para efectos de facilitar un período de tempo razoable que permita a implantación dunha adecuada contabilidade de custos por parte das entidades que deben aplicar a nova Instrucción de contabilidade.

7. Acta de arqueo das existencias en caixa en fin de exercicio (páx.: 186 á 191):

Figura a Acta de Arqueo a 31 de decembro de 2015 das existencias totais dos fondos líquidos a 31 de decembro de 2015 que ascenden a 4.459.092,31 € (partindo dunhas existencias iniciais a 01.01.2015 de 3.817.272,33 €), con saldos en contas externas coincidentes (refléctense nos documentos do apartado 8 seguinte).

8. Notas das entidades bancarias dos saldos a fin de exercicio, caixa da Corporación e, no seu caso, o estado conciliatorio debidamente autorizado pola Intervención (páx.: 192 á 200):

Figuran engadidas, así mesmo, certificacións das entidades bancarias e da caixa da Corporación (totalidade dos movementos do exercicio), que tal e como se indica no apartado anterior, amosan total coincidencia co reflectido na Acta de Arqueo a 31.12.2015, polo que non é necesario un estado conciliatorio.

9. Outros documentos complementarios (páx.: 201 á 212):

Aparecen tamén engadidos á Conta Xeral de 2015, como documentos complementarios dos oito anteriores e a continuación dos mesmos, os dous seguintes:

- a) Estado de Gastos e Ingresos aprobados inicialmente (anuncio da publicación no BOP).
- b) Relación Nominal de acredores e debedores.

II. CAPACIDADE FINANCEIRA DA ENTIDADE:

A continuación figura o análise sobre a **capacidade financeira** desta Entidade que se deduce tomando como antecedente a liquidación do Orzamento de 2015 e consistirá, na obtención de seis elementos, os catro primeiros, en comparación coas magnitudes derivadas da liquidación do Orzamento de 2014, pero tendo en conta, que **non** se fai desde o **punto de vista** da estabilidade orzamentaria e capacidade de financiamento á que fai referencia o art. 19.3 do **regulamento** e desenvolvemento da **Lei xeral de estabilidade orzamentaria**, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, extremo que xa figura no informe de Intervención específico engadido ao expediente da aprobación da Liquidación do Orzamento de 2015:

**1. AFORRO ORZAMENTARIO**

INGRESOS CORRENTES			GASTOS CORRENTES		
CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014	CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014
Cap. 1	0,00	0,00	Cap. 1	249.089,97	245.456,11
Cap. 2	0,00	0,00	Cap. 2	7.183.628,23	7.791.237,68
Cap. 3	2.092.725,70	2.059.990,33	Cap. 3	0,00	0,00
Cap. 4	6.793.813,63	6.739.209,73	Cap. 4	200.214,33	145.610,43
Cap. 5	11.133,90	19.626,01			
TOTAL	8.897.673,23	8.818.826,07	TOTAL	7.632.932,53	8.182.304,22

Aforro orzamentario = (T. I. - T. G.)

Liquidación exercicio de 2014 = 636.521,25€

Liquidación exercicio de 2015 = 1.264.740,10€

O principal obxectivo de toda Entidade Local debe ser o logro de aforros netos reais positivos que permitan financiar os gastos correntes necesarios para a prestación dos servizos, así como a xeración de sobrantes dispoñibles para o financiamento de novos investimentos e a devolución das operacións de crédito vixentes e proxectadas, xa que o aforro neto é un indicador da capacidade de endebedamento. Neste caso, o aforro neto é positivo en 1.264.740,10 €.

2. DÉFICIT OU SUPERÁVIT NON FINANCEIRO

INGRESOS DE CAPITAL NON FINANCEIRO			GASTOS DE CAPITAL NON FINANCEIRO		
CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014	CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014
Cap. 6	0,00	0,00	Cap. 6	27.836,69	12.987,60
Cap. 7	0,00	0,00	Cap. 7	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	TOTAL	27.836,69	12.987,60

D/S non financeiro=[C.1 a C.5 I.] - [C.1 a C.4 G.]+[C.6 + C.7 I.] - [C.VI + C.VII G.]

Liquidación exercicio 2014 = Superávit non financeiro de 623.534,25€

Liquidación exercicio 2015 = Déficit non financeiro de 1.236.904,01€

3. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS

INGRESOS ACTIVOS FINANCEIROS			GASTOS ACTIVOS FINANCEIROS		
CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014	CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014
Cap. 8	2.442.415,64	0,00	Cap. 8	0,00	0,00
TOTAL	2.442.415,64	0,00	TOTAL	0,00	0,00



Variación de activos financeiros = [C. VIII I. - C. VIII G.]

Reflicítese as contías das **modificacións** de créditos financiadas por conta do exceso de financiamento afectado e do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (que ao ser incorporados no exercicio, deben incluírse no Capítulo VIII, do estado de ingresos) **NON** os dereitos recoñecidos netos, posto que son contías recadadas en exercicios anteriores ao de 2015. Caso contrario, a **variación de activos** financeiros (como en 2015), **sería de 0€**.

Liquidación do exercicio 2014 = 0,00€
Liquidación do exercicio 2015 = 2.442.415,64€

4. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS

INGRESOS PASIVOS FINANCEIROS			GASTOS PASIVOS FINANCEIROS		
CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014	CAP.	Liquidación 2015	Liquidación 2014
Cap. 9	0,00	0,00	Cap. 9	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	TOTAL	0,00	0,00

Variación de pasivos financeiros = [C. IX I.] - [C. IX G.]

Liquidacións exercicio 2014 e 2013 = sen variación por falta de movementos (débeda)

5. DISTRIBUCIÓN DO INGRESO

Como derivación da liquidación do Orzamento de ingresos de 2015, obtemos as porcentaxes de distribución do ingreso de acordo co seguinte:

TIPO OU NATUREZA DO INGRESO	PORCENTAXE	
	SOBRE O INGRESO CORRENTE	SOBRE O TOTAL DO INGRESO
Ingresos tributarios (total do Capítulo III)	23,5199208 %	23,5199208 %
Transferencias dos consorciados (total do Capítulo IV)	76,3549464 %	76,3549464 %
Ingresos patrimoniais (total do Capítulo V)	0,1251327 %	0,1251327 %

6. DISTRIBUCIÓN DO GASTO

Por último e derivado da liquidación do Orzamento de gastos de 2015, o cadro das porcentaxes da distribución do gasto producido, resultaría, en función da súa natureza, o seguinte:



TIPO OU NATUREZA DO GASTO	PORCENTAXE	
	SOBRE O GASTO CORRENTE	SOBRE O TOTAL DO GASTO
Gasto de persoal (total do Capítulo I)	3,2633587 %	3,2515007 %
Gasto en bens correntes e servizos (total do Capítulo II)	94,1136083 %	93,7716308 %
Gasto en transferencias correntes (total do Capítulo IV)	2,6230328 %	2,6135016 %
TIPO OU NATUREZA DO GASTO	PORCENTAXE	
	SOBRE O GASTO DE CAPITAL	SOBRE O TOTAL DO GASTO
Gasto por Investimento total (total do Capítulo VI)	100 %	0,3633667 %

Á vista do anterior, o resultado é análogo ao de exercicios precedentes, reflectindo tamén que é o gasto corrente e, moi especialmente, dentro deste, o que responde aos custos das xestións indirectas dos parques e conexas o que maior peso e porcentaxe supón de gasto para esta Entidade (e por ende, para as dúas Administracións que forman este Consorcio). Finalmente, no que atinxe ao gasto de persoal e como en anos anteriores, é dunha porcentaxe moi baixa, xa que non chega ao 3,5% nin sobre o corrente nin sobre o total da Entidade en 2015.

Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación e interpretación dos antecedentes, documentos que se citaron e ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ao expediente da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2015, entendendo que a mesma áchase completa e debidamente formada polo que debe someterse á Comisión Especial de Contas a fin de que emita o informe que legalmente lle corresponde e que logo da exposición pública e tramitación poida elevarse con todos os documentos ao Pleno do Consorcio quen, co seu superior criterio deberá adoptar o acordo axustado a Dereito e finalmente, se realice a remisión ao Consello de Contas de Galicia, para a fiscalización externa da Conta. Todo isto dentro dos prazos legalmente establecidos segundo se cita no informe desta secretaria – interventora sobre o procedemento de aprobación.

Carballo, 26 de maio de 2016.-

A secretaria – interventora,

Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira

Intervención



Astº.: Certificado do informe da Comisión Especial de Contas
Refª.: Conta Xeral Exercicio de 2015

M. GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que a Comisión I. Especial de Contas, resulta que o día trinta e un de maio de dous mil dezaseis (31.05.2016) reuniuse dita Comisión e, emitiu o ditame que literalmente se transcribe a continuación:

<<PRIMEIRO E ÚNICO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2015.-

Dáse conta do expediente comprensivo da Conta Xeral correspondente ó exercicio económico e contable de 2015, faise referencia algúns dos resultados obtidos que se consideran de interese.

A Comisión, unha vez realizadas as valoracións e análise correspondente, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte informe:

1º. *Considerar que na elaboración, formación e tramitación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2015, quedan observadas as prescricións ao efecto contidas nos arts. 208 e seguintes, da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, art. 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Instrución do modelo normal de contabilidade local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro; e demais de concordancia.*

2º. *En congruencia co indicado no apartado anterior, informar favorablemente o expediente e a Conta Xeral do 2015, dentro dos límites establecidos na regra 44 e seguintes da dita Instrución de Contabilidade.*

3º. *Consonte co previsto polo art. 212 do Texto refundido citado e regra 49 da mencionada Instrución, proceder á exposición pública da Conta Xeral xunto co seu expediente, no que, necesariamente, deberase incorporar certificación do presente ditame, mediante a inserción do anuncio correspondente no "Boletín Oficial" desta provincia, co fin de que, durante o prazo de quince días hábiles poda examinarse e, durante ese mesmo prazo e oito días máis, podan os interesados presentar reclamacións, reparos ou observacións, que, en tal caso, serán examinados por esta Comisión, actuándose, en todo caso, conforme establecen o artigo e regra ao principio sinalados, para que, finalmente, poida procederse a aprobación, polo Pleno do Consorcio, da Conta Xeral de 2015, e remitir a mesma ao Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas, aos efectos establecidos de fiscalización externa establecidos nas citadas normas.>>*

E, para que así conste e na unión co expediente de referencia xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, coa salvidade do establecido no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e a reserva dos termos que resulten da aprobación do acta correspondente; en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do Regulamento aprobado polo Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e de orde, e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a un de xuño de dous mil dezaseis.

V.º e pr.
O presidente,

O Presidente

Asdo.: Valentín González Formoso.





**Deputación
DA CORUÑA**

www.dicoruna.es

SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA
SECCIÓN DE RECURSOS PROPIOS

C/ ARCHER MILTON HUNTINGTON, 17
15011 A CORUÑA

Tfno.: 981 080024/25 Fax.: 981 080091
E-mail: bop@dicoruna.es

Espacio reservado para el BOP

MODELO DE SOLICITUD DE INSERCIÓN DE PUBLICACIÓN EN EL BOP DE A CORUÑA
(Justificante Electrónico)

Nº ANUNCIO: 2016/4600 Nº DE JUSTIFICANTE ELECTRÓNICO: jeq1GRmU0uljyCdmndtAkA==

ANUNCIANTE: CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

DIRECCIÓN ANUNCIANTE: PG INDUSTRIAL DE BERTO A - RÚA DO BONCE-PARCELA G2 , C.P:15105

ORGANISMO ANUNCIANTE: V15859481 - CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E

ORDENANTE: V15859481 - CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA

DIRECCIÓN ORDENANTE: PG INDUSTRIAL BERTO A PAR G2 S/N , C.P:15105 CARBALLO(A CORUÑA)

PAGADORES

SUMARIO: Exposición pública conta xeral exercicio 2015

FICHEROS

- ANUNCIO.docx

PUBLICACIÓN: Ordinaria NOTIFICACIÓN POR COMPARECENCIA: NO

FECHA EXACTA PUBLICACIÓN:

SEGUNDA PUBLICACIÓN: NO

Carballo, 01 de junio de 2016



ILMO SR. PRESIDENTE DE LA EXCMA. DIPUTACIÓN DE A CORUÑA





ANUNCIO

Exponse ao público a **Conta Xeral do presuposto do exercicio 2015** deste Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña, ditaminada pola Comisión Especial de Contas do día 31 de maio de 2016, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Secretaría Intervención do Consorcio por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e durante estes, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

Carballo, 1 de xuño de 2016

O Presidente
Asdo. Valentin González Formoso
O Presidente



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Exposición pública conta xeral exercicio 2015

ANUNCIO

Exponse ao público a Conta Xeral do presuposto do exercicio 2015 deste Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña, ditaminada pola Comisión Especial de Contas do día 31 de maio de 2016, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Secretaría Intervención do Consorcio por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e durante estes, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

Carballo, 1 de xuño de 2016

O Presidente,

Asdo.- Valentín González Formoso

2016/4600



Astº.: Certificado de exposición pública e resultado
Refª.: Conta Xeral do exercicio de 2016

M. GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA,

CERTIFICA :

Que segundo se desprende do expediente que se está a tramitar para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2016 arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que respecto da exposición pública da dita Conta e o resultado respecto da presentación de reclamacións, reparos ou observacións, os extremos seguintes:

1. Que en sesión do día 31 de maio de 2016, xuntouse a Comisión Especial de Contas deste Consorcio, emitindo informe favorable sobre a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2015 e dispoñendo o inicio dos trámites recollidos ao efecto polo art. 212 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a regra 49 da Instrucción de Contabilidade Modelo Sical Normal aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.
2. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 110 de data dez de xuño de dous mil dezaseis (10.06.2016), apareceu inserto o anuncio ao que fai referencia o apartado 3 do artigo 212 LRFL.
3. Que, na mesma data anterior, inseriuse copia do anuncio citado no Taboleiro de Anuncios do Consorcio.
4. Que, en concordancia coa citada data de publicación, o prazo de exposición pública da devandita Conta, transcorreu, desde o día 11 de xuño de 2016 ata o día 30 de xuño de 2016 (ámbolos dous incluídos).
5. Que o prazo de presentación de reclamacións polos interesados lexítimos, era dos quince días anteriores e oito días hábiles máis, transcorrendo, na súa consecuencia, desde o día 11 de xuño de 2016 ata o día 09 de xullo de 2016 (tamén incluídos os dous citados).
6. Que durante o prazo ao que se fai referencia no apartado que precede e ata o da data da emisión do presente documento, non consta no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Consorcio, a presentación de reclamación, alegación, reparo ou observación ningún contra a devandita Conta Xeral ou o seu expediente.

E, para que así conste e na unión co expediente de orixe xurda os seus debidos efectos, emito a presente Certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a trinta e un de agosto de dous mil dezaseis.

V.º e p.º
O Presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso





Astº.: Certificado de exposición pública e resultado
Refª.: Conta Xeral do exercicio de 2016

M. GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do expediente que se está a tramitar para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2016 arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que respecto da exposición pública da dita Conta e o resultado respecto da presentación de reclamacións, reparos ou observacións, os extremos seguintes:

1. Que en sesión do día 31 de maio de 2016, xuntouse a Comisión Especial de Contas deste Consorcio, emitindo informe favorable sobre a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2015 e dispoñendo o inicio dos trámites recollidos ao efecto polo art. 212 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a regra 49 da Instrucción de Contabilidade Modelo Sical Normal aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.
2. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 110 de data dez de xuño de dous mil dezaseis (10.06.2016), apareceu inserto o anuncio ao que fai referencia o apartado 3 do artigo 212 LRFL.
3. Que, na mesma data anterior, inseriuse copia do anuncio citado no Taboleiro de Anuncios do Consorcio.
4. Que, en concordancia coa citada data de publicación, o prazo de exposición pública da devandita Conta, transcorreu, desde o día 11 de xuño de 2016 ata o día 30 de xuño de 2016 (ámbolos dous incluídos).
5. Que o prazo de presentación de reclamacións polos interesados lexítimos, era dos quince días anteriores e oito días hábiles máis, transcorrendo, na súa consecuencia, desde o día 11 de xuño de 2016 ata o día 09 de xullo de 2016 (tamén incluídos os dous citados).
6. Que durante o prazo ao que se fai referencia no apartado que precede e ata o da data da emisión do presente documento, non consta no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Consorcio, a presentación de reclamación, alegación, reparo ou observación ningún contra a devandita Conta Xeral ou o seu expediente.

E, para que así conste e na unión co expediente de orixe xurda os seus debidos efectos, emito a presente Certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo, a trinta e un de agosto de dous mil dezaseis.



Abdo. Valerín González Formoso



**Astº.: Certificado acordo plenario de aprobación
Refº.: Conta xeral de 2015**

MARÍA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do borrador da Acta ao que expresamente me remito, resulta que o día cinco de setembro de dous mil dezaseis (05.09.2016) reuniuse o Pleno deste Consorcio nunha sesión extraordinaria urxente na que, entre outros, adoptouse o acordo que a continuación queda transcrito:

<<3º. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Consorcio do exercicio de 2015.-

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2015 que está informada pola Comisión especial de Contas en sesión do 31 de maio do presente e que, tras o sometemento a exposición pública e para presentación de reclamacións, reparos ou observacións, resulta non terse presentado ningún, polo que cómpre realizar á súa aprobación co fin da remisión para fiscalización externa. Lémbrese que dita conta está confeccionada cos documentos e de conformidade co establecido polo art. 212 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo en relación coa regra 44 e seguintes da Instrucción de Contabilidade Modelo Sical-Normal, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 3 de outubro e cuxo expediente para a aprobación, contráese ao seguinte:

A incoación do expediente pola Presidencia o 9 de maio de 2016.

Informe de Secretaría de 23 de maio de 2016.

Informe da Intervención do 26 de maio de 2016.

Informe da Comisión Especial de Contas en 31 de maio de 2016.

Anuncio publicado no Boletín oficial da provincia da Coruña núm. 110 de 10 de xuño de 2016.

Certificado da secretaria sobre prazo de exposición pública e para presentación reclamacións, reparos ou observacións, e inexistencia dos mesmos, de data 31 de agosto de 2016.

Procede pois, tal e como se indica na documentación remitida, prestar aprobación á dita Conta co fin de continuar as actuacións legalmente establecidas, polo que, ao non ser promovido debate, a Presidencia somete o asunto a votación ordinaria, de forma que por unanimidade dos asistentes (cinco votos a favor correspondentes a D. Valentín González Formoso, D. Luís Menor Pérez, D.ª Patricia Rodríguez Franco, D. José Antonio Fernández López e D. José Luis García García), adóptanse os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.-Tomar razón e ratificar o contido íntegro do expediente de referencia por encontrar que a súa tramitación, formación e execución, áchanse axustadas, a canto determinan a tales efectos o art. 212, apartados 1, 2 e 3, da Lei reguladora das facendas locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto



lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, aos arts. 114, 115 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e Instrucción de Contabilidade Modelo Sical-Normal, aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 3 de outubro e demais disposicións de aplicación.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto polo art. 212.4 do Texto legal citado e dentro dos límites establecidos pola regra 49 da indicada Instrucción, aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2015 tal e como se presenta e con todos os documentos que a integran.

TERCEIRO.- Remitir por medio dos soportes que sexan requiridos, a documentación que da dita Conta proceda, ao Consello de Contas de Galicia que deixa debidamente realizada a rendición externa logo do Convenio asinado por dito Consello máis o Tribunal de Contas en 27.06.2011, de conformidade coas normas citadas no apartado PRIMEIRO deste acordo.

CUARTO.- Outorgar ao Sr. Presidente os poderes que precise para alcanzar a eficacia do presente acordo do que deberá emitirse certificación para constancia na unión co expediente de orixe.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, con advertencia expresa da excepción que sobre a aprobación da acta da sesión ao principio sinalada realiza o art. 206 do Regulamento aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e de orde e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo a cinco de setembro de dous mil dezaseis.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

Secretaria
Intervención



Estás en Inicio > Consulta de Entidades y Cuentas > Consulta de Cuentas >

Consulta de Cuentas

Diputación Provincial A Coruña, Ejercicio 2015

Si la Cuenta de la Entidad se encuentra rendida, puede acceder al resumen o a la Cuenta completa pulsando sobre el icono



Presupuesto, Liquidación del Presupuesto y tramitación de la Cuenta General

Fecha aprobación definitiva del Presupuesto	30/12/2014	Fecha aprobación de liquidación del Presupuesto	25/01/2016
Fecha de formación de la Cuenta General	10/05/2016	Fecha de Informe de la Comisión Especial de Cuentas	30/05/2016
Fecha de inicio de la exposición pública	10/06/2016	Fecha de presentación de la Cuenta General al Pleno	06/09/2016
Fecha de aprobación de la Cuenta General	09/09/2016	Fecha de envío de la Cuenta General	11/10/2016

Entidad Principal

Diputación Provincial A Coruña	
--------------------------------	--

Entidades Dependientes

Consortios adscritos	Contra Incendios e Salvamento Provincial da Coruña	
----------------------	--	--

Leyenda

N.D.	No Disponible		Cuenta rendida no disponible		Cuenta rendida		Cuenta no rendida
------	---------------	--	------------------------------	--	----------------	--	-------------------